

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Decreto 72/2004, do 2 de abril, polo que se declaran determinados Espazos como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais.

Na data do 11 de marzo de 1999 o Consello da Xunta de Galicia acordou, en base ao disposto no artigo 4 do Real Decreto 1997/1995, do 7 de decembro, polo que se establecen medidas para contribuír e garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e de flora e fauna silvestre, a remisión á Unión Europea dunha relación de lugares incluídos na proposta galega para a Rede Europea Natura 2000.

A proposta galega á Rede Europea Natura 2000 prevé unha serie de lugares para os que é necesario aplicar o marco legal previsto na Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza. Esta necesidade de protección deriva da Directiva 92/43/CEE, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, transposta ao dereito español, a través do Real decreto 1997/1995 que establece a obriga de manter -ou se é o caso restablecer- nun estado de conservación favorable, os tipos de hábitats naturais e taxones que formen parte de cada proposta, até mentres a Unión Europea non aprobe definitivamente os listados de Lugares de Importancia Comunitaria; así mesmo tamén se incluírán as Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA) declaradas no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, regula no seu artigo 16, a Zona de Especial Protección dos Valores Naturais, definíndoa como aqueles espazos que polos seus valores ou intereses naturais, culturais, científicos, educativos ou paisaxístico sexa necesario asegurar a súa conservación e non teñan outra protección específica. O parágrafo terceiro deste artigo dispón ademais que nesta zona se incluírán tamén as zonas especiais de conservación que conforman a Rede Natura 2000, creada ao abeiro das Directivas 79/409/CEE e 92/43/CEE, e que non teñan outra figura de protección das previstas nesta lei.

Polo tanto, por proposta do conselleiro de Medio Ambiente, e logo da deliberación do Consello da Xunta na súa reunión do día dous de abril de dous mil catro,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais.

1. Decláranse como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais os espazos naturais que se relacionan a continuación e que se identifican nos anexos deste decreto:

a) Anexo I: zonas propostas como Lugares de Importancia Comunitaria para formar parte da rede Natura 2000.

b) Anexo II: lugares declarados como Zona de Especial Protección para as Aves consonte a Directiva 79/409/CEE, relativa á conservación das aves silvestres.

2. De conformidade co artigo 10.2º da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, os espazos naturais incluídos na figura de Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais intégranse na Rede galega de espazos protexidos.

Artigo 2º.-Usos e actividades.

1. De acordo co establecido no artigo 16.2º da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, os usos e actividades que se viñan realizando nestes espazos e que non vulneren os seus valores naturais, pódense seguir levando a cabo, do xeito tradicional.

2. A realización de actividades non previstas anteriormente, e que poidan poñer en perigo os valores que xustifican a protección destes espazos requirirán autorización previa da Consellería de Medio Ambiente.

Artigo 3º.-Réxime cinexético.

As Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais manterán o réxime cinexético que tiñan antes da súa declaración, sen prexuízo de que os instrumentos de planificación que se é o caso se elaboren, dispoñan outra cousa.

Disposicións adicionais

Primeira.-Habilitase a Consellería de Medio Ambiente para propoñer a modificación dos termos establecidos neste decreto para o suposto de que a Unión Europea formulase observacións á proposta galega de Lugares de Importancia Comunitaria.

Segunda.-De conformidade co artigo 9.2º da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, no ámbito territorial dun espacio natural poderán coexistir distintas categorías de espazos naturais protexidos. Nestes caso prevalecerá réxime de protección específico.

Disposición derogatoria

Única.-Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao establecido neste decreto e, en concreto:

-Decreto 157/1995, do 3 de xuño, polo que se inclúen as zonas denominadas Umia-O Grove, A Lanzada, Lagoa Bodeira e Punta Carreirón, Ría de Ortigueira, Lagoa e Areal de Valdoviño e Ría do Eo, no rexistro xeral de Espazos Naturais de Galicia.

-Decreto 165/1999, do 20 de maio, polo que se declara definitivamente o encoro de Abegondo-Cecbe como espazo natural en réxime de protección xeral.

-Decreto 219/2000, do 21 de xullo, polo que se declara definitivamente a Lagoa do Rei como espacio natural en réxime de protección xeral.

-Orde do 9 de xuño de 2003 pola que se declaran provisionalmente as zonas propostas para a súa inclusión na Rede Europea Natura 2000, como espazos naturais en réxime de protección xeral.

Disposición derradeira

Esta disposición entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

San Vicente do Pino, Monforte de Lemos (Lugo), dous de abril de dous mil catro.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

José Manuel Barreiro Fernández
Conselleiro de Medio Ambiente

ANEXO I

Nome	Concellos
Ortigueira - Mera (3.868 ha) Lic Es1110001 Ortigueira - Mera	Cariño, Cerdido, Ortigueira, As Pontes de García Rodríguez e As Somozas
Costa Ártabra (7.546 ha) Lic 1110002 Costa Ártabra	Ares, Cariño, Cedeira, Ferrol, Mugardos, Narón, Ortigueira e Valdovíño
Fragas do Eume (9.127 ha) Lic Es1110003 Fragas do Eume	Cabanas, A Capela, Monfero, Pontedeume e As Pontes de García Rodríguez
Encoro de Abegondo-Cecebre (493 ha) Lic Es1110004 Encoro de Abegondo-Cecebre	Abegondo, Betanzos, Cambre, Carral e Oza dos Ríos
Costa da Morte (11.809 ha) Lic Es1110005 Costa da Morte	Arteixo, Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Cee, Fisterra, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Muxía, Ponteceso e Vimianzo
Complexo Húmido de Corrubedo (9.265 ha) Lic Es1110006 Complexo Húmido de Corrubedo	Porto do Son e Ribeira
Betanzos-Mandeo (1.020 ha) Lic Es1110007 Betanzos-Mandeo	Aranga, Bergondo, Betanzos, Coirós, Irixoa, Miño, Oza Dos Ríos e Paderne
Carnota-Monte Pindo (4.674 ha) Lic Es1110008 Carnota-Monte Pindo	Carnota, Cee, Dumbria, Corcubión e Mazaricos
Costa de Dexo (347 ha) Lic Es1110009 Costa de Dexo	Oleiros
Estaca de Bares (852 ha) Lic Es1110010 Estaca de Bares	Ortigueira e Mañón
Esteiro do Tambre (1.581 ha) Lic Es1110011 Esteiro do Tambre	Brión, Negreira, Noia, Outes e Porto do Son
Monte e Lagoa de Louro (1.096 ha) Lic Es1110012 Monte e Lagoa de Louro	Carnota e Muros
Xubia-Castro (2.074 ha) Lic Es1110013 Xubia-Castro	Narón, Neda, San Sadurniño, Moeche, A Capela, As Somozas e As Pontes de García Rodríguez
Serra do Careón (6.662 ha) Lic Es1110014 Serra do Careón	Agolada, Friol, Melide, Palas de Rei, Santiso e Toques
Río Anllóns (162 ha) Lic Es1110015 Río Anllóns	Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco e Ponteceso
Río Tambre (583 ha) Lic Es1110016 Río Tambre	Frades, Mesía, Ordes, Oroso, O Pino, Santiago de Compostela, Tordoia e Trazo
Os Ancares-O Courel (102.562 ha) Lic Es1120001 Ancares-Courel	Becerreá, Cervantes, Folgoso de Courel, O Incio, Navia de Suarna, As Nogais, Pedrafita do Cebreiro, Pobra de Brollón, Quiroga, Ribas de Sil, Samos e Triacastela
Río Eo (1.003 ha) Lic Es1120002 Río Eo	A Fonsagrada, Meira, A Pontenova, Ribadeo, Ribeira de Piquín, Riotorto e Trabada
Parga-Ladra-Támoga (4.938 ha) Lic Es1120003 Parga-Ladra-Támoga	Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Friol, Guitiriz, Lugo, Outeiro de Rei, Rábade, Vilalba e Xermade
A Marronda (1.239 ha) Lic Es1120004 A Marronda	Baleira e A Fonsagrada
As Catedrais (297 ha) Lic Es1120005 As Catedrais	Barreiros e Ribadeo
Carballido (4.828 ha) Lic Es1120006 Carballido	A Fonsagrada, A Pontenova e Ribeira de Piquín
Cruzul-Agüeira (652 ha) Lic Es1120007 Cruzul-Agüeira	Becerreá e As Nogais
Monte Faro (2.988 ha) Lic Es1120008 Monte Faro	Carballedo, Chantada e Rodeiro
Monte Maior (1.247 ha) Lic Es1120009 Monte Maior	Viveiro e Xove
Negueira (4.558 ha) Lic Es1120010 Negueira	Negueira de Muñiz
Ría de Foz-Masma (643 ha) Lic Es1120011 Ría de Foz-Masma	Barreiros, Foz, Lourenzán e Mondoñedo
Río Landro (127 ha) Lic Es1120012 Río Landro	Ouro e Viveiro

Nome	Concellos
Río Ouro (109 ha) Lic Es1120013 Río Ouro	Alfoz, Foz e O Valadouro
Canón do Sil (5.914 ha) Lic Es1120014 Canón do Sil	Nogueira de Ramuín, Pantón, Parada de Sil e Sober
Serra do Xistral (22.964 ha) Lic Es1120015 Serra do Xistral	Abadín, Alfuz, Cervo, Mondoñedo, Muras, Ourel, As Pontes de García Rodríguez, O Valadouro, Vilalba, Viveiro, Xove e Xermade
Río Cabe (1.787 ha) Lic Es1120016 Río Cabe	Bóveda, O Incio, Monforte de Lemos, Pantón, A Pobra de Brollón e Sober
Costa da Mariña Occidental (491) Lic Es1120017 Costa da Mariña Occidental	O Vicedo, Viveiro, Xove e Cervo
Baixa Limia (33.920 ha) Lic Es1130001 Baixa Limia	Bande, Calvos de Randín, Entrimo, Lobeira, Lobios, Muíños, Padrenda, Quintela de Leirado e Vereas
Macizo Central (45.829 ha) Lic Es1130002 Macizo Central	O Bolo, Castelo do Val, Chandrexa de Queixa, Laza, Larouco, Manzaneda, Montederramo, Pobra de Trives, Quiroga, Viana do Bolo e Vilaríño de Conso
Bidueiral de Montederramo (1.984 ha) Lic Es1130003 Bidueiral de Montederramo	Montederramo e Vilar de Barrio
Pena Veidosa (2.321 ha) Lic Es1130004 Pena Veidosa (2.321 ha)	Carballedo e San Cristovo de Cea
Río Támega (630 ha) Lic Es1130005 Río Támega	Castro do Val, Laza, Monterrei, Ombra e Verín
Veiga de Ponteliñares (160 ha) Lic Es1130006 Veiga de Ponteliñares	Porqueira e Rairiz de Veiga
Pena Trevinca (24.894 ha) Lic Es1130007 Pena Trevinca	O Bolo, Carballeda de Valdeorras, Manzaneda, A Veiga e Viana do Bolo
Pena Maseira (5.715 ha) Lic Es1130008 Pena Maseira	A Gudiña e A Mezquita
Serra da Enciña da Lastra (1.742 ha) Lic Es1130009 Serra da Enciña da Lastra	Rubiá
Illas Cíes (990 ha) Lic Es0000001 Illas Cíes	Vigo
Sistema Fluvial Ulla-Deza (1.633 ha) Lic Es1140001 Sistema Fluvial Ulla-Deza	Ames, Brión, Catoira, Dodro, A Estrada, Boqueixón, Padrón, Pontecesures, Rianxo, Rois, Silleda, Teo, Touro, Valga, Vedra e Vila de Cruces
Río Lézrez (149 ha) Lic Es1140002 Río Lézrez	Campo Lameiro, Cotobade e Pontevedra
A Ramallosa (92 ha) Lic Es1140003 A Ramallosa	Nigrán e Baiona
Complexo Ons - O Grove (7.608 ha) Lic Es1140004 Complexo Ons O Grove	Bueu, Cambados, A Illa de Arousa, Meaño, O Grove, Ribadumia e Sanxenxo
Monte Aloia (783) Lic Es1140005 Monte Aloia	Tui
Río Tea (357 ha) Lic Es1140006 Río Tea	O Covelo, Fornelos de Montes, Mondariz, Mondariz-Balneario, Pontareas e Salvaterra de Miño
Baixo Miño (2.871 ha) Lic Es1140007 Baixo Miño	Arbo, A Cañiza, Crecente, A Guarda, As Neves, Padrenda, O Rosal, Salvaterra de Miño, Tomiño e Tui
Brañas de Xestoso (1.077 ha) Lic Es1140008 Brañas de Xestoso	A Estrada, Forcarei e Silleda
Cabo Udra (623 ha) Lic Es1140009 Cabo Udra	Bueu e Cangas
Costa da Vela (1.419 ha) Lic Es1140010 Costa da Vela	Cangas
Gándaras de Budiño (727 ha) Lic Es1140011 Gándaras de Budiño	O Porriño, Salceda de Caselas e Tui
Illas Estelas (725 ha) Lic Es1140012 Illas Estelas	Nigrán
Serra do Candán (10.699 ha) Lic Es1140013 Serra do Candán	Beariz, Forcarei, O Irixo, Lalín e Silleda
Serra do Cando (5.458 ha) Lic Es1140014 Serra do Cando	Beariz, Cerdedo, Cotobade, Forcarei e A Lama
Sobreirais do Arnego (1.124 ha) Lic Es1140015 Sobreirais do Arnego	Agolada, Lalín e Vila de Cruces
Enseada de San Simón (2.218 ha) Lic Es1140016 Enseada de San Simón	Moaña, Pontevedra, Redondela, Soutomaior e Vilaboa

ANEXO I

Nome	Concellos
Illas Cíes (990 ha) Zepa Es0000001 Illas Cíes	Vigo
Ribadeo (536 ha) Zepa Es0000085 Ribadeo	Ribadeo e Trabada
Ría de Ortigueira e Ladrío (3.025 ha) Zepa Es0000086 Ría de Ortigueira e Ladrío	Cariño e Ortigueira
Complexo Intermareal Umia - O Grove, A Lanzada, Punta Carreirón e Lagoa Bodeira (2.813 ha) Zepa Es0000087 Complexo Intermareal Umia - O Grove, A Lanzada, Punta Carreirón e Lagoa Bodeira	Cambados, A Illa de Arousa, Meaño, O Grove, Ribadumia e Sanxenxo
Costa da Morte (Norte) (7.962 ha) Zepa Es0000176 Costa da Morte (Norte)	Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Laxe, Malpica de Bergantiños e Ponteceso
Illa de Ons (924 ha) Zepa Es0000254 Illa de Ons	Bueu

Nome	Concellos
Costa de Ferrolterra - Valdoviño (4.266 ha) Zepa Es0000258 Costa de Ferrolterra Valdoviño	Ferrol, Narón e Valdoviño
Serra da Enciña da Lastra (1.742 ha) Zepa Es1130009 Serra da Enciña da Lastra	Rubiá
Complexo Litoral de Corrubedo (971 ha) Zepa Es0000313 Complexo Litoral de Corrubedo	Ribeira
Costa da Mariña Occidental (2.169 ha) Zepa Es0000372 Costa da Mariña Occidental	O Vicedo, Viveiro, Xove e Cervo
Ría de Foz (564) Zepa Es0000373 Ría de Foz	Foz e Barreiros
Ancares (12.564 ha) Zepa Es0000374 Ancares	Cervantes e Navia de Suarna
Esteiro do Miño (1.688 ha) Zepa Es0000375 Esteiro do Miño	A Guarda e O Rosal
Baixa Limia-Serra do Xurés (31.287 ha) Zepa Es0000376 Serra do Xurés	Bande, Calvos de Randín, Entrimo, Lobeira, Lobios, Muíños, Quintela de Leirado e Verea

CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

Resolución do 26 de xaneiro de 2004, da Delegación Provincial de Ourense, pola que se dispón a inscrición, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, da acta da revisión salarial para o ano 2004 do convenio colectivo de ámbito provincial para a empresa Carlos Sabucedo Gómez Panaderías de Ourense.

Visto o texto da acta da revisión salarial do convenio colectivo para a empresa *Carlos Sabucedo Gómez Panaderías* de Ourense para o ano 2004 (código de convenio nº 3200972-publicado no BOP núm. 69 do 25 de marzo de 2003), con entrada nesta delegación provincial, subscrito pola dirección da empresa, en representación da parte empresarial, e, polo delegado de persoal, en representación da parte social, en data 12 de xaneiro de 2004, e de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo, e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servicios da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo. Esta delegación provincial

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a súa inscrición no libro rexistro de convenios colectivos de traballo, existente nesta delegación provincial, e notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.-Ordenar o seu depósito no Servizo de Relacións Laborais, Unidade de Mediación, Arbitraje e Conciliación (UMAC).

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Ourense, 26 de xaneiro de 2004.

José Lage Lage
Delegado provincial de Ourense

Revisión do convenio colectivo *Carlos Sabucedo Gómez*

Acta única

En Ourense o dous de xaneiro de dous mil catro, reunidos por unha banda, *Carlos Sabucedo Gómez*, con DNI 34931971-P, veciño de Toén, con domicilio en San Pedro de Moreiras, como representante da empresa *Carlos Sabucedo Gómez*.

Por outra banda, Fernando da Costa Álvarez, con DNI 44468767-S, veciño de Santa Cruz de Arrabaldo, con domicilio en Outeiro, 19, como representante dos traballadores da empresa *Carlos Sabucedo Gómez*.

Expoñen:

Que se reuniron na data que consta no encabezamento para o estudo e sinatura da actualización das táboas salariais para o ano 2004, substituíndo as novas as que rexían anteriormente.

Que tras as correspondentes deliberacións e votacións se aprobaron as seguintes actualizacións:

SALARIOS 2004

MES DE 30 DIAS

CATEGORÍAS	SALARIO BASE	BENEFIC. 15%	COMPLEMTO HORARIO	NOCTURNIDADE	TOTAL MES
PÁ	684,22	102,63	13,58	42,60	843,03
MASA	666,43	99,96	13,58	42,60	822,56
MESA	653,95	98,09	13,58	42,60	808,22
AXUDANTE	637,42	94,79	13,58	42,60	788,34
MORDOMO	666,12				666,12
REPARTIDOR DESPACHOS	653,95				653,95
REPARTIDOR DOMICILIO	615,26				615,26
OFICIAL ADMINISTRA.	707,49				707,49
CHOFER REPARTIDOR	684,22				684,22
LIMPADOR	478,40				478,40

A empresa

Representante dos
traballadores

Carlos Sabucedo Gómez

Fernando da Costa Álvarez

Resolución do 3 de marzo de 2004, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo da empresa La Veneciana Iberiaglass, S.L.

Visto o texto do convenio colectivo da empresa *La Veneciana Iberiaglass, S.L.*, con nº de código 3603842 que tivo entrada nesta delegación provincial o día 24-2-2004, subscrito en representación da parte económica pola representación da empresa, e da parte social, polo comité de empresa, en data 18-2-2004. De conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º, do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e Real decre-